

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA

3433 *Real decreto 105/2018, do 9 de marzo, polo que se modifica o Estatuto orgánico da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, aprobado polo Real decreto 215/2014, do 28 de marzo.*

Os principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do sector público son piares fundamentais do crecemento económico e do benestar social, de acordo co artigo 135 da Constitución española e coa Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Neste mesmo sentido, a Unión Europea realizou varias reformas para o fortalecemento dos mecanismos de coordinación, supervisión e vixilancia das políticas orzamentarias e macroeconómicas dos Estados membros, das cales son exemplo, entre outras, o Tratado sobre estabilidade, coordinación e gobernanza na Unión Económica e Monetaria, feito en Bruxelas o 2 de marzo de 2012, o Regulamento 473/2013, do 21 de maio de 2013, sobre requisitos comúns para o seguimento e a avaliación dos proxectos de plans orzamentarios e para a corrección do déficit excesivo dos Estados membros da zona euro, ou a Directiva 2011/85/UE do Consello, do 8 de novembro de 2011, sobre os requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados membros.

Neste contexto, e de acordo coas recomendacións formuladas a España por parte da Unión Europea, apróbase a Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, de creación da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, que configura a dita autoridade como un ente con autonomía e independencia funcional cuxo obxectivo último é contribuír ao cumprimento efectivo por parte das administracións públicas do principio de estabilidade orzamentaria previsto no artigo 135 da Constitución española, mediante a avaliación continua do ciclo orzamentario, do endebedamento público e a análise das previsións económicas.

Posteriormente, en cumprimento do mandato legal contido no artigo 8.2 da citada Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, aprobouse o Real decreto 215/2014, do 28 de marzo, polo que se aproba o Estatuto orgánico da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, o cal desenvolve a súa organización e funcionamento interno.

O réxime xurídico da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal completouse coa aprobación da Orde HAP/1287/2015, do 23 de xuño, pola que se determinan a información e os procedementos de remisión que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas terá con carácter permanente á disposición da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, e que foi parcialmente derogada pola Orde HFP/232/2017, do 14 de marzo, pola que se derroga parcialmente a Orde HAP/1287/2015, do 23 de xuño, pola que se determinan a información e os procedementos de remisión que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas terá con carácter permanente á disposición da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.

En atención á preocupación do Goberno por garantir a independencia da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal no exercicio do seu labor, propónse a modificación do Estatuto da Autoridade independente de Responsabilidade Fiscal, aprobado polo Real decreto 215/2014, do 28 de marzo, co obxectivo de facilitar o acceso por parte da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal a toda aquela información que sexa necesaria para o exercicio das súas funcións.

O presente real decreto, de carácter modificativo, componse dun único artigo mediante o cal se modifican os artigos 4, 6, 22, 24, 25, 41 e 44 do Estatuto orgánico da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, aprobado polo Real decreto 215/2014, do 28 de marzo.

A modificación dos artigos 4, 24, 25 e 41 responde á necesidade de corrixir determinadas erratas detectadas no Estatuto orgánico da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.

Pola súa banda, a modificación do artigo 6 realízase co fin de eliminar a limitación que existe para que a Autoridade poida solicitar a información que teña carácter auxiliar ou de apoio. Deste xeito, garántese a plena adecuación da normativa española ao Tratado de estabilidade, coordinación e gobernanza na Unión Económica e Monetaria, en particular no concerne aos principios que deben rexer a definición dos mecanismos de corrección orzamentaria e ás funcións e independencia das institucións de supervisión.

O artigo 22 modifícase para precisar a información que a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal necesita para emitir a opinión sobre o índice de revalorización das pensións regulada no dito artigo.

Por último, o artigo 44, relativo ao réxime orzamentario da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, modifícase para recoller exactamente a mesma redacción que figura na Lei orgánica 6/2013, de 24 novembro, no que concirne á elaboración do orzamento da Autoridade.

Neste contexto, dáse outro paso adicional para perfeccionar a incorporación ao marco xurídico español dos preceptos contidos no Tratado de estabilidade, coordinación e gobernanza na Unión Económica e Monetaria, cuxos principios establecen que se debe explicar publicamente por que non se seguen as recomendacións formuladas polas institucións independentes de supervisión. Para tal fin, o artigo 5.1 da Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, xa establece que se a Administración ou a entidade destinataria dun informe da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal se aparta das recomendacións nel contidas, deberá motivalo e incorporar o dito informe no correspondente expediente, aínda que en ningún caso se menciona expresamente a publicación das ditas motivacións.

É por iso que, con base na habilitación contida na disposición derradeira cuarta da Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, se desenvolve na disposición adicional única o dito precepto do artigo 5.1 da citada lei orgánica.

Durante a tramitación deste real decreto, de acordo co previsto na Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, solicitouse informe á Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.

Por último, cabe sinalar que este real decreto se axusta aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, en canto que esta persegue un interese xeral ao pretender garantir o adecuado exercicio das funcións encomendadas á Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, non existe ningunha alternativa regulatoria menos restritiva de dereitos, resulta coherente co ordenamento xurídico, non introduce novas cargas administrativas e permite unha xestión máis eficiente dos recursos públicos. Do mesmo modo, durante o procedemento de elaboración da norma, foron consultadas as comunidades autónomas e entidades locais e quedan xustificadas no preámbulo os obxectivos que persegue este real decreto.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de marzo de 2018,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Estatuto orgánico da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, aprobado polo Real decreto 215/2014, do 28 de marzo, polo que se aproba o Estatuto orgánico da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.*

O Estatuto orgánico da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, aprobado polo artigo único do Real decreto 215/2014, do 28 de marzo, polo que se aproba

o Estatuto orgánico da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, queda modificado como segue:

Un. O punto terceiro do artigo 4 queda redactado do seguinte modo:

«3. Excepcionalmente, para o desenvolvemento das actividades que comporte a emisión dun informe, opinión ou estudo, a Autoridade pode asinar contratos de servizos para realizar actividades de carácter material, técnico ou de servizos. No caso de que isto poida supor o acceso a información non pública, observarase o disposto no artigo 6.10.»

Dous. O artigo 6 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 6. *Facultades e deber de colaboración na remisión de información.*

1. Para o adecuado desenvolvemento das súas funcións, a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal terá acceso, logo de solicitude, á información económico-financeira correspondente a calquera dos suxeitos a que se refire o artigo 2 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, e elaborada en cumprimento da dita lei ou doutras disposicións legais ou regulamentarias.

2. A remisión da documentación e información á Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal realizarase en castelán e mediante medios electrónicos, salvo que por razóns excepcionais e xustificadas a Autoridade autorice a súa remisión por outros medios ou idioma.

3. Para tal fin, a Central de Información Económico-Financeira das Administracións Públicas facilitaralle á Autoridade o acceso a toda información de que dispoña, para o cal poderán articularse canles e procedementos simplificados que permitan a disposición da dita información con flexibilidade, axilidade e integridade. Con este fin, poderanse crear os mecanismos de colaboración oportunos para concretar e aclarar o contido e os prazos de remisión na mencionada información, así como para tratar aspectos específicos que valorar nos diferentes informes.

4. Mediante orde do ministro de Facenda e Función Pública, logo de informe da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, determinaranse os datos, documentos e procedementos de remisión, que o Ministerio de Facenda e Función Pública terá, con carácter permanente, á disposición da mencionada autoridade. O anterior entenderase con independencia das necesidades de información adicional que requira a Autoridade para o correcto exercicio das súas funcións e que non estea explicitamente prevista na citada orde.

5. O presidente da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal poderalle remitir solicitude a calquera Administración pública das citadas no artigo 2.1 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, a cuxo ámbito se refira a información requirida, ou ao Consello de Política Fiscal e Financeira e á Comisión Nacional da Administración Local, para o cal identificará a documentación necesaria e o prazo para a súa remisión, que, salvo causas xustificadas, non poderá ser inferior a cinco días nin superior a quince.

No caso de que a información se refira a algunha das entidades recollidas no artigo 2.2 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, a solicitude dirixirase á Administración pública de que dependa.

6. A falta de achega da documentación en tempo e forma poderá ser cualificada como incumprimento do deber de colaboración, nos termos previstos no artigo 4 da Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, e neste estatuto, caso en que a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal incluíra na súa páxina web unha advertencia pública da dita circunstancia.

Correspóndelle ao presidente da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal apreciar se se trata dun incumprimento grave ou reiterado, caso en que llelo comunicará ao Goberno da Nación e ás Cortes Xerais.

7. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal poderá articular, de acordo cos suxeitos mencionados neste artigo, procedementos simplificados de acceso ou remisión de información, así como a aceptación de unidades de enlace coas correspondentes administracións públicas. Igualmente, a Autoridade, logo de acordo co Ministerio de Facenda e Función Pública, poderá definir e exixir que a información solicitada se achegue nun determinado formato para facilitar o seu tratamento e análise.

Co fin de lograr unha mellor coordinación para o adecuado exercicio das súas respectivas competencias, a Autoridade e o Ministerio de Facenda e Función Pública compartirán a información facilitada logo de solicitude desta.

8. Todas as entidades incluídas no ámbito de actuación da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal deberanlle prestar o apoio, concurso, auxilio e colaboración que lle sexan precisos, e facilitar a documentación necesaria para o adecuado exercicio das súas funcións.

9. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, mediante resolución do seu presidente, poderá aprobar, para cada un dos informes que deba emitir, unha relación oficial de información requirida, que incluírá a relación de documentos e información que necesariamente deben ser remitidos ou postos á disposición especificamente para a emisión deste, sen prexuízo doutra información complementaria que poida requirir posteriormente no desenvolvemento do seu traballo.

10. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal só poderá ceder a terceiros a información non pública achegada polos suxeitos respecto dos cales exerce as súas funcións, logo de consentimento da entidade que lle entregase a información.

11. O Comité Técnico de Contas Nacionais facilitaralle para información os informes emitidos, se é o caso, no exercicio das súas funcións á Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.»

Tres. O número 5 do artigo 22 queda redactado do seguinte modo:

«5. En aplicación dos artigos 58.6 e 212.7 do novo texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal emitirá opinión respecto dos valores calculados polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social para determinar o índice de revalorización das pensións aplicable en cada exercicio e o factor de sustentabilidade.

Para iso, o Ministerio de Emprego e Seguridade Social deberá publicar ou facilitarlle á Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal os supostos macroeconómicos e orzamentarios, así como a metodoloxía e os fundamentos básicos con que operan os instrumentos de proxección e simulación das variables que interveñen no cálculo do índice de revalorización das pensións.»

Catro. O número 8 do artigo 24 queda redactado do seguinte modo:

«8. Do presidente depende directamente un gabinete como o seu órgano de asistencia inmediata.»

Cinco. A letra l) do artigo 25 queda redactada do seguinte modo:

«l) Efectuar os requirimentos de información aos suxeitos integrantes do sector público nos termos do artigo 4 da Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro.»

Seis. O número 1 do artigo 41 queda redactado do seguinte modo:

«1. Conforme o establecido no artigo 4.4 da Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, e no artigo 35.6 do estatuto, a información de natureza confidencial que poida coñecer o persoal da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal no

exercicio das súas funcións ou o coñecemento que se obteña en virtude de calquera relación coa dita autoridade deberá ser tratada respectando os límites e conforme as normas legais que rexen o seu acceso e difusión.»

Sete. O número 1 do artigo 44 queda redactado do seguinte modo:

«1. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal elaborará e aprobará anualmente un anteproxecto de orzamento, cuxos créditos terán carácter limitativo, e remitirallo ao Ministerio de Facenda e Función Pública para a súa posterior integración nos orzamentos xerais do Estado, de acordo co previsto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.»

Disposición adicional única. *Seguimento das recomendacións formuladas pola Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.*

1. Se a Administración ou a entidade destinataria dun informe da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal se aparta das recomendacións contidas nel deberá motivalo e incorporar o dito informe no correspondente expediente. Este informe deberase facer público a través da Central de Información Económico-Financeira das Administracións Públicas.

2. A Administración ou a entidade destinataria dun informe da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal que decida atender ás recomendacións contidas nel notificaralle á Autoridade as medidas que adoptará ao respecto, así como o prazo previsto, sempre que a natureza e alcance da recomendación o permita.

3. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal fará público, a través da súa páxina web, o seguimento do cumprimento das recomendacións contidas nos seus informes.

Disposición derradeira primeira. *Referencias normativas.*

As referencias feitas ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas no Real decreto 215/2014, do 28 de marzo, entenderanse feitas ao Ministerio de Facenda e Función Pública.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de marzo de 2018.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Función Pública,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO